



BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL DESEMPREGADO PARA A EXECUCIÓN NO CONCELLO DE MIÑO DUN PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: Rural Activo 2026, FINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

1ª.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é regular a **convocatoria para a selección e posterior contratación laboral temporal polo concello de Miño DUNHA (1) persoa desempregada** no marco da subvención que lle foi concedida pola Consellería de Emprego, comercio e Emigración) no marco das convocadas pola citada Concellería (DOG nº 24 do 05.02.2026) programa fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo.

O programa que define o ámbito de actuación desta convocatoria é o seguinte: **“GALICIA SUMA TALENTO: Rural Activo 2026”**, e inclúe a realización das seguintes tarefas: planificación preventiva ou valorización forestal e limpeza de montes.

O Concello de Miño levará a cabo o desenvolvemento deste programa mediante a contratación laboral temporal **dun (1) peón de obras públicas** nas condicións que se detallan na presente convocatoria.

O persoal contratado realizará as súas tarefas mediante o uso habitual de maquinaria tal como tractor, motoserra, desbrozadora, ect.

2ª.- Modalidade, período da contratación e retribucións.

A modalidade da contratación que ligará ao concello co/coa aspirante finalmente seleccionado/a será a de **contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a xornada completa**.

A duración do contrato será de NOVE MESES, a desenvolver previsiblemente entre o próximo 1 de xullo de 2026 e o 31 de marzo de 2027.

As retribucións a percibir polas persoas contratadas serán as correspondentes ao I convenio colectivo do concello de Miño, con arranxo á seguinte equivalencia:

- Agrupación profesional

3ª.- Requisitos dos aspirantes.

3.1.- Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas ca



Concello de Miño

Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

b) Idade: Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Habilitación: Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

f) Requisitos lingüísticos: Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA I, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

g) Outros requisitos: Estar en posesión do permiso de conducir B.

h) Outros requisitos: Ser desempregado/a, inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do **contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a xornada completa**.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño

<https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da

Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público



4ª.- Proceso de preselección.

O Concello presentará unha oferta de emprego nas Oficinas do Servizo Público de Emprego, nos modelos normalizados para elo, facendo referencia aos requisitos que deben reunir os traballadores a contratar conforme á anterior Base Terceira.

Unha vez recibida a oferta, os servizos de emprego mencionados realizarán un sondeo de demandantes de emprego, e remitirán a este Concello as persoas candidatas co fin de realizar a selección definitiva, tendo preferencia, en todo caso, os colectivos con especial dificultade de inserción laboral, de acordo ca base 14.6 da citada Orde do 22 de xaneiro de 2026, da Consellería de Emprego (DOG nº 24 do 05.02.2026).

5ª.- Admisión dos/as aspirantes.

Recibidos os currículos o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de preseleccionados mediante resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello y no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica.

Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora del comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución.

6ª.- Tribunal cualificador.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar/par de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco/seis (un Presidente, tres/catro Vogais e un Secretario), debendo designarse o mesmo número de suplentes.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto, agás o secretario no caso de Tribunais con catro vogais.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo, agás o secretario no caso de Tribunais con catro vogais. Na súa composición deberá tenderse á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.



A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

Segundo as circunstancias do proceso, cando por razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o Tribunal, por medio da presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que limitarán a súa intervención a colaboración que, en función de súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal, polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

O Tribunal Cualificador a efectos da percepción de asistencias dos seus membros queda englobado na categoría terceira conforme á clasificación prevista no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. A Alcaldía-Presidencia fixará o número máximo de sesións que poidan devengarse sen prexuízo de que poidan ser ampliadas previa solicitude do Presidente do Tribunal en base a causas xustificadas.

7ª.- Desenvolvemento do proceso selectivo.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos/as no seu dereito aqueles/as que non comparezan, salvo casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirir-lles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

Non se permitirá o acceso ao lugar no que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exame e non se habilitará ningún servizo de recollida destes aparatos.



Concello de Miño

Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

A orde na que actuarán os aspirantes naqueles exercicios que non se poidan realizar conxuntamente será por orde alfabético.

Os exercicios, tanto orais como escritos ou prácticos, realizaranse en lingua galega ou castelá, agás aqueles destinados a valorar o coñecemento dun idioma, que se realizarán no idioma indicado no exercicio.

Agás a convocatoria e as bases de selección do presente proceso selectivo, que serán obxecto de publicación no BOP, os sucesivos anuncios que poidan derivarse do mesmo (realización dos exercicios da fase de oposición, cualificacións, valoración de méritos, etc...) efectuaranse no taboleiro de anuncios da casa consistorial e na sede electrónica municipal.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean previstos expresamente nestas bases mediante publicación no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Respecto ao exercicio tipo test, o Tribunal procederá a publicar no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas, incluídas as de reserva.

Así mesmo, trala realización de cada exercicio e/ou trala valoración dos méritos, o Tribunal procederá á publicación da puntuación obtida polos/as aspirantes no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, concedéndoselles un prazo de DOUS (2) días hábiles aos efectos de alegacións e/ou emendas. O prazo empezará a contarse desde o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da casa consistorial. A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes. A proba de galego só será obrigatoria para os aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido.

Para a superación do proceso selectivo as persoas aspirantes deberán ter superado a fase de oposición, o cal requirirá da superación de todos os exercicios que lle resulten obrigados. De non existir ningún aspirante que a teña superado, a convocatoria será declarada deserta.

A puntuación obtida, no seu caso, no concurso, sumarase á obtida na fase de oposición, sempre que as persoas aspirantes a tivesen superado, determinándose así, a puntuación final.

8ª.- Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o de **concurso - oposición**.

A fase de oposición realizarase con carácter previo á de concurso.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público



A) Fase de oposición.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes. Constará do seguinte exercicio:

A1.) Primeiro e único exercicio.- Consistirá nunha proba práctica relacionada coas tarefas do posto de traballo. Puntuándose de 0 a 30 puntos, sendo preciso acadar 15 puntos como mínimo para non quedar eliminado/a. Dita proba terá unha duración máxima de 60 minutos.

B) Fase de concurso.- Esta fase, non terá carácter eliminatorio e terá como obxectivo dar cumprimento ao artigo 14.6 da Orde do 22 de xaneiro de 2026, publicada no DOG número 24 do 5 de febreiro de 2026, na que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/das traballadores/as desempregados/as que serán contratados a través do programa *GaliciaSuma Talento: Rural Activo 2026*, puntuándose:

a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría, 2 puntos.

b) Mulleres, 1 punto e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, 2 puntos.

c) Menores de 30 anos, 1 punto, e en especial, a persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional, 2 puntos.

d) Persoas paradas de longa duración (mínimo de 2 anos como demandante de emprego), 1 punto.

e) Persoas con discapacidade (recoñecida pola administración competente unha discapacidade en grado igual ou superior al 33 por 100), 1 punto.

f) Persoas desempregadas que teñan esgotado as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito, 1 punto.

g) Persoas desempregadas maiores de 45 anos, 1 punto.

h) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, 1 punto, e, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, 2 puntos.

j) Persoas trans, 1 punto.

k) Persoas emigrantes retornados ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España, 1 punto.

l) A existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate ao cónxuxe, ou á parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoal maiores incapacitadas ou menores en acollemento, 1 punto.

C) Acreditación do coñecemento da lingua galega (Apto/a ou non apto/a): De carácter



obligatorio e eliminatorio para todos os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA I ou equivalente (poderá presentarse ata o mesmo día que se fixe para a realización da proba).

C.1.) Consistirá en traducir (oral ou escrito) nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego, e outro de galego a castelán, propostos polo Tribunal. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado.

Trala realización deste exercicio e a súa avaliación, o Tribunal procederá á publicación da relación daqueles aspirantes que o superaron.

9ª.- Cualificación final, relación de aprobados e proposta de contratación.

A **cualificación final** do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e concurso, **publicándose a listaxe provisional de aspirantes para cada especialidade coa puntuación obtida por orde de maior a menor** no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

En caso de empate, este dirimirase por sorteo.

Os aspirantes disporán dun prazo **DUN (1) día hábil**, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello para presentar alegacións contra os erros materiais, aritméticos ou outros de similar natureza que detecten na listaxe e nas puntuacións finais adxudicadas.

Resoltas as posibles alegacións e emendas ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica a **listaxe definitiva de aspirantes para cada especialidade que tiveran superado o proceso sen obter praza coa puntuación obtida por orde de maior a menor** xunto coa **relación definitiva do/s aspirante/s aprobado/s** tamén pola orde da puntuación obtida. Así mesmo, esta relación de aprobado/s presentarase ao señor alcalde coa proposta para a súa contratación laboral. O tribunal non poderá aprobar nin incluír na proposta de contratación un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

Non obstante, cando se produzan renuncias do/s aspirante/s aprobado/s antes da súa toma de posesión, o órgano convocante poderá propoñer novo/s nomeamento/s entre o/s aspirante/s da listaxe definitiva destinada a formar a bolsa de traballo con carácter previo á súa constitución.

10ª.- Formalización do contrato.

O aspirante seleccionado deberá persoarse no concello no prazo máximo de **cinco (5) días naturais**, contados a partir da publicación da relación definitiva dos aspirantes aprobados no Taboleiro de anuncios do concello, achegando a seguinte documentación orixinal, agás que xa conste presentada coa instancia:



- a) Documento Nacional de Identidade.
- b) Título acreditativo da profesionalidade.
- c) Documento acreditativo do CELGA 1 ou equivalente, no seu caso.
- d) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

- e) Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, e co fin de acreditar o cumprimento do requisito recollido na base terceira 1.c), o/a aspirante proposto/a deberá someterse a un recoñecemento médico realizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, recoñecemento polo que se acreditará que non padece enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grado, imposibilite o desempeño das funcións propias da praza, salvo que no prazo de dous (2) días hábiles contados a partir da publicación da relación definitiva do/s aspirantes aprobado/s no Taboleiro de anuncios do concello presente certificación médica ou informe de saúde actualizado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira expedido por facultativo competente.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida nesta Base e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

11ª.- Lista de reserva.



Concello de Miño

Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

Coa relación definitiva dos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo non obtiveran praza e pola orde da puntuación obtida formarase unha listaxe de reserva cuxa vixencia coincidirá coa duración da contratación obxecto das presentes bases, en atención ao seu carácter non estrutural. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir no seu caso, novas necesidades de contratación laboral temporal que poidan xurdir no concello de Miño para a mesma categoría durante o prazo da súa vixencia e que respondan ás notas de necesidade excepcional, urxente e inaprazable conforme ao recollido no artigo 20. cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 prorrogados para 2025.

A formación e/ou actualización da listaxe serán aprobadas por Resolución de Alcaldía que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

A listaxe poderá extinguirse antes de rematar o prazo da súa vixencia no caso de celebrarse nese período novo proceso selectivo para a mesma categoría con formación de nova listaxe de reserva ou no caso de quedar baleira de participantes.

Cando xurda unha necesidade de persoal obxecto da presente bolsa, a contratación se lle ofrecerá ao aspirante que ocupe na mesma a posición de maior preferencia, sempre que poida ser contratado conforme á lexislación vixente en cada momento e sen conculcar á mesma.

Os chamamentos se comunicarán aos aspirantes por correo electrónico, sen prexuízo de que se complemente con chamada telefónica (se fose necesario se realizarán ata tres chamadas telefónicas en diferentes horas e no mesmo día do cal se expedirá dilixencia da que se deixará constancia no expediente).

Os/as integrantes da listaxe serán responsables de manter actualizados os seus datos de contacto, comunicando ao servizo de selección de persoal calquera cambio de correo electrónico e/ou teléfono dos facilitados na solicitude de acceso ás probas selectivas.

A partir do momento en que se estableza o contacto coa persoa interesada mediante calquera dos medios sinalados anteriormente, o/a aspirante disporá como máximo de dous (2) días hábiles para dar contestación á oferta. Se transcorre o prazo e non se recibe contestación, se entenderá que renuncia sen causa xustificada e se procederá á exclusión automática da listaxe de reserva. Non obstante, a persoa interesada poderá rexeitar a oferta de traballo, non dando lugar nin á exclusión da listaxe nin a perda da posición nela, sempre que alegue e acredite axeitadamente algunha das circunstancias seguintes:

- Estar traballando cando se realice a oferta, para o que se deberá presentar contrato ou informe de vida laboral.
- Padecer enfermidade ou estar en proceso de recuperación de enfermidade ou accidente, xustificándose mediante a presentación do oportuno informe médico.
- Estar nalgunha situación das que, por embarazo, parto ou adopción, acollemento ou enfermidade grave dun familiar estean contempladas pola normativa en vigor aos efectos de permisos ou licenza.
- Outras causas similares ás anteriores debidamente xustificadas.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público



Concello de Miño

Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

No caso de que o aspirante acepte a oferta de traballo, disporá dun prazo de dous (2) días hábiles, a contar desde a aceptación da oferta, para aportar a documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, agás os que xa obren no expediente.

Así mesmo, e co fin de acreditar o cumprimento do requisito recollido na base cuarta c), o/a aspirante proposto/a deberá someterse a un recoñecemento médico realizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, recoñecemento polo que se acreditará que non padece enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grado, imposibilite o desempeño das funcións propias da praza.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

A contratación do/a aspirante determinará que o mesmo cause baixa temporal na listaxe, volvendo a causar alta unha vez que finalice a prestación de servizos para a que foi contratado e sempre que non incorra en causa de exclusión. A alta farase efectiva no mesmo lugar que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A exclusión dun/dunha aspirante da listaxe se producirá nos seguintes supostos:

- Por solicitude expresa do aspirante.
- A falta de resposta á oferta de traballo no prazo concedido.
- Rexeitamento da oferta de traballo sen causa xustificada e debidamente acreditada.
- A falta de presentación en tempo e forma da documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria no prazo concedido, agás nos casos de forza maior.
- A non incorporación ao posto de traballo ofertado trala aceptación da oferta sen causa xustificada e debidamente acreditada.
- Renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo para o que fora nomeado sen causa xustificada e debidamente acreditada.

En Miño, na data da sinatura dixital.

O alcalde,

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo